

MIGUEL ÁNGEL ARAÚJO IGLESIAS

Naceu en Sabadelle, Ourense, no 1920. Licenciouse en Filosofía e Teoloxía en Santander e no ano de 1945 foi ordeado sacerdote. Durante 25 anos exerceu o ministerio na cidade das Burgas e como profesor de Teoloxía no Seminario, do que foi Rector no período de 1956-66. Colaborou asiduamente no xornal "La Región". En 1970 foi ordeado Bispo da Diócese Mondoñedo-Ferrol (acto realizado por primeira vez en Galiza en galego). Ten redactado pastorais referidas a temas da problemática galega como pode ser a emigración, o mundo rural, os problemas sociais, etc



FRANCO

GUSTAVO REGO

benemérito de la fidelidad

Por Manuel Rego Nieto



Miguel Ángel Araújo Iglesias

Eu non veño aquí a falar deste libro que nos ofrece hoxe o noso amigo Manolo Rego Nieto. Non teño capacidade intelectual, histórica e literaria para emitir un xuízo axeitado sobre o mesmo. Tampouco tiven a honra, nin a sorte, de coñece-lo seu protagonista, don Gustavo Rego, nin fun testemuña daquel florecemento cultural e artístico do fermoso pobo de san Pedro de Moreiras, a principios deste século. E o mesmo podó dicir da primeira historia do afamado Circo Feixóo e do seu fundador Secundino Feixóo Méndez, tan vinculados nas súas raíces á cidade de Ourense e ó seu entorno. Todo o que sei, seino pola relación ínti-

ma do autor deste libro e doutros xa publicados con anterioridade.

Polo tanto falar de don Gustavo Rego, pai de Manolo Rego, sería para min unha pura ficción literaria, pero ademais, ¿que lle podería engadir eu a isto que nos transmite o seu fillo neste libro, escrito con tanto agarimo e con tantos detalles, todos cheos de lembranzas filiais, pero que non lle fixeron perde-la súa obxectividade histórica?

Postas así as cousas, tentarei colocarme nunha órbita axeitada a esta miña condición, sen perde-lo fio deste feito que estamos celebrando. Para iso, coido que o mellor será, deixando os

detalles concretos e históricos do libro, erguerme a un nivel de principios, ou se queredes, de valores. Esta publicación concreta do libro de Manolo Rego suxeríume, dende un principio, unha morea de valores que se fan presentes, non só no libro, senón tamén no seu entorno. Quixera, xa que logo, subliñar estes valores de tipo ético ou moral, que se reflicten nesta circunstancia.

E o primeiro valor que eu descubro aquí, na actitude de Manolo, é un valor de tipo cultural, que non por iso deixa de ser ético ou moral, e que ennobrece amplamente a personalidade de Manolo Rego. Este Manolo, a través de tódala súa produción



Tardou en chegar a carretera a S. Pedro de Moreiras. Cando Gustavo Rego era neno, e sendo xa home casado, o camiño facíase, nunca mellor dito... ó andar. A pé até Ourense capital e andando de retorno á aldea que foi "cuna" de moitos homes que traballaron no circo como músicos, montadores, electricistas... Gustavo, chegou a ser apoderado e director da empresa Feijóo. Aquí está para o recordo un dos primeiros vehículos que, por unha mala estrada - non por iso menos fermosa na súa paisaxe e paisanaxe - de terra, servía ós veciños para chegarse á capital.

literaria e de tódala súa actividade existencial, vennos amosando un amor profundo á historia miuda do seu pobo, da súa cidade e de Galicia; un amor que o ten levado a traballar teimosamente para que non se perdan no esquecemento dos anos tantos valores culturais e artísticos. E así vai recollendo, día a día, os late-xos da vida das nosas xentes, das nosas institucións, dos nosos costumes, da nosa cultura popular, que constitúen a mellor riqueza dun pobo.

Esta vocación especial de Manolo Rego de recoller e promover-la historia miuda do noso pobo, debería ser un compromiso de todos nós, cada quen segundo as súas posibilidades e capacidades, pero todos podemos facer algo. Por desgracia, van a ser moitas as cousas que se

perdan ou as que xa se perderon. Todos estamos obrigados a transmitir ós nosos sucesores algo das súas raíces históricas, que eles deberán apreciar se non queren chegar a ser un pobo ou unha xente sen raíces, ou non ter outras cas que lle ofrece a televisión.

Cecais pensamos que este é un campo para xente ilustrada ou de letras; pois eu dígolles que non só para esta xente, senón que todos nós podemos e debemos participar en ir tecendo ese tapiz da historia da nosa familia, dos nosos oficios, do noso arte, da nosa cultura, da nosa relixiosidade. Cecais non todos poden escribi-lo moito que saben, pero sí poden comunicalo a quen o poida deixar escrito para a posteridade.

O segundo valor ético ou moral, por non dici-lo pimeiro, que amosa Manolo Rego nesta circunstancia, é a maneira e o xeito de como Manolo cumpre o cuarto mandamento da Lei de Deus, que nos manda: honrarás ó teu pai e á túa nai. Esta honra que os fillos bennacidos lle deben ós seus pais implica: amor, respecto, reverencia e obediencia. Manolo, coa lembranza especial que ten aquí para o seu pai, non só cumpre abondo todo iso, senón que reborda tódolos límites de honra e fidelidade que un fillo lle pode ofrecer ó seu pai. Se Manolo di do seu pai que foi un "benemérito da fidelidade", el danos aquí un exemplo de ter ben aprendida esa lección.

Neste intre histórico no que a institución familiar está en crise e no que as relacións de pais e fillos se

tentan comprender doutro xeito; non tanto do amor, do respecto e da obediencia, canto dun diálogo mal chamado “democrático”, no que parece que deben se-los pais os que lle deben respecto, reverencia e obediencia ós fillos; estas leccións exemplares, como a de Manolo, teñen unha máxima actualidade. Cando non se avalía a experiencia vital e o maxisterio dos pais porque son uns “carrozas” ou anticuados e non son capaces de comprender a última moda, que case nunca é a última senón a penúltima, temos aquí o exemplo de Manolo Rego que sí comprende a experiencia e o maxisterio do seu pai, que para el non resulta anticuado nin «carroza», senón a verdadeira, última e definitiva moda, porque hai valores que sempre están ou deben estar de moda.


Se a familia é a célula primeira da sociedade e o Vaticano II nos di que é “unha especie de Igrexa doméstica e que nela serán os pais para os seus fillos os primeiros predicadores da fe, mediante a palabra e o exemplo”, aquí temos unha realización concreta do que nos ensina o Concilio. Andamos a buscar unha sociedade máis pacífica, máis solidaria, máis xusta, e non nos decatamos que a grande raíz do mal que aqueixa a esta nosa sociedade está precisamente na descomposición das familias. Por algo nos volve a dici-lo concilio: “A familia, na que coinciden e se axudan mutuamente distintas xeracións para conseguir unha maior sabedoría e a armoniza-los dereitos das persoas coas outras esixencias da vida social, constitúe a base da sociedade”.

Un terceiro valor pode se-lo traballo e a teima que amosa Gustavo Rego para desenvolver tódalas súas capacidades: labrego, músico, matachin, taquilleiro do Circo, apoderado do mesmo, etc. Aquí habería que salientar sobre todo a súa firme vontade de se abrir camiño na vida, sen esquecer-lo ambiente cultural existente no pobo de Moreiras, que, sen dúbida, lle axudou nesta tarefa.

A persoa humana é un ser que encerra dentro de sí unha multitude de virtualidades, que nos dá a mesma natureza, pero que están dormidas se non as despertamos. Cecais ninguén sexa capaz de desenvolverlas todas, pero tamén é certo que son moitos os que desenvolven as menos ou ningunha. Como acabo de afirmar nesta tarefa axuda moito o entorno familiar, social e cultural no que se move a persoa. Polo que se ve, Moreiras foi de vello un pobo cun desenrolo cultural e social moi fecundo. Pero se iso axuda, nada se fará sen un esforzo persoal, sen unha vontade firme e tenaz, que non se arreda ante as dificultades, que sabe superar estas.

Resulta moito máis doado contentarse con pouco, deixarse levar hoxe da televisión, ou da taber-

Na fotografía, á esquerda, D. Secundino Feijóo Méndez, fundador do circo que levaría o seu nome. Ó seu carón está o seu fiel apoderado, Gustavo Rego Nieto. Corría o ano 1931... A instantánea está feita na cidade de Santander



na, ca dedicarse á lectura, a un ensaio de música ou do que sexa, estar atentos ós caminos por onde vai a sociedade. E así nos atopamos con xentes e pobos faltos de imaxinación e creatividade para abrir novos camiños na vida. Gustavo Rego tivo esa imaxinación e esa creatividade e, sobre todo, esa decisión de se embarcar na aventura do Circo, que sería para el a aventura total da súa vida.

Outro valor pode se-la fidelidade deste home de san Pedro de Moreiras á súa empresa, o Circo, ós seus xefes e ó seu traballo. Todo isto supón que don Gustavo estaba namorado da súa empresa e do seu traballo, e contento cos seus xefes, a familia dos Feixóo. Hai aquí unha nota moi importante; quería á empresa, sentíase a gusto nela, considerábala como algo seu, algo moi importante da súa vida. E así se explica a súa subida na escada dos valores laborais: músico, taquilleiro, apoderado e moi querido e apreciado polos seus xefes. Tamén así se explica os corenta e pico de anos que pasou dentro do Circo, ata que se tivo que xubilar.

Son moi poucos os obreiros que chegan a querer de verdade á súa empresa. Pensan que só qui-

tar proveito ó empresario e que a eles se lles dá unha miseria da ganacias. Traballan o menos posible, porque pensan que están traballando en algo que non é seu, e non se decatan de que se a empresa non marcha, serán precisamente eles os máis e os primeiros damnificados. Don Gustavo non tivo que andar con iso dos contratos temporais ou indefinidos, senón que se entregou á empresa do Circo totalmente e a familia Feixóo soubolle pagar esa dedicación, non só cun soldo xusto, senón e sobre todo, acolléndoo coma un elemento da mesma familia. ¿Cando chegaremos nós a convencérmonos de que a empresa debe ser unha verdadeira familia? E isto dígoo para os empresarios e para os obreiros. Se así fose, a mundo laboral tomaría outra traza e outra temperatura.

Para rematar estas miñas pobres palabras, quixera salientar valor que eu descubro, neste caso, na figura de don Feixóo Méndez. Don Secundino era natural de Vilanova dos Infantes o pobo da Virxe do Cristal, home, xa que logo rural e de formación intelectual moi reducida, pero home de grande imaxinación que comezando por unha xunta de bois adestrados, rematará como apoderado do mellor Circo de

España e un dos mellores de Europa. A familia dos Méndez de Vilanova herda toda ela esa imaxinación creativa e ata circense (Méndez Ferrin, poeta; o P.Silva Méndez, artista e circense).

Pero temos en don Secundino unha mostra viva do que é capaz un galego, cando se propón traballar de verdade a facer unha empresa. Polo mundo adiante temos espallados milleiros de exemplares galegos desta índole, tanto en España, como, sobre todo, en Latinoamérica. Pero a iniciativa de don Secundino téñ unhas características moi especiais, que cecais non teñan outras empresas. Eu salientaría estas dúas.

Primeiro, trátase dun Circo: unha empresa destinada, sobre todo naqueles tempos, a recrear, entreter e divertir, non só ós rapaces, senón a todo o pobo sinxelo. O Circo ten moito de maxia e fai que tódolos espectadores vivan, por un momento, nese mundo máxico que presenta o Circo. Fai que a mesma xente maior se esqueza por un momento da súa vida cotiá con todo o que pode ter de duro e acedo, e dalgún xeito reviva a súa infancia. No Circo todos nos facemos un pouco nenos.

A segunda característica que amosa a obra do Circo Feixóo á súa fidelidade ás xentes e ó pobo galego. Don Secundino, en canto lle foi posible, recolleu para a súa empresa xentes de Moreiras, de Toén, de Sobrado, de Bentraces, de Alongos, etc. Tivo fe e confianza nos nosos homes, tanto para a música como para o traballo manual e cecais tamén sacou algún artístiña; e a verdade é que os seus paisanos non o

defraudaron. Entre todos, como mostra, sobresaie dun xeito especial Gustavo Rego que, de músico, taquilleiro, pasou a ser apoderado da empresa. Dúas fidelidades mútuas que se conxuntaron nunha solidariedade e fraternidade moi fondas.

E acabo todo o que tiña que dicir. Sei que o libro de Manolo Rego necesitaba un presentador máis sabido nestas cousas, pero

empeñouse en traerme aquí e eu, señores, dixen o que sabía. Perdoen todos e sobre todo ti Manolo, a miña pouca sabedoría. Só me queda felicitarte, non tanto pola obra material que fixeches escribindo este libro, canto pola túa fidelidade á lembranza do teu pai. Os fillos que lles son fieis ós seus pais, estean seguros que terán fillos que lle serán fieis a eles. Seguro.



A Gustavo non lle quedou por coñecer ningún rincón de España. De Norte a Sur. De Leste a Oeste.

Saiu de Ourense cando tiña vinteseis anos e perante corenta e cinco, pisou toda a Iberia -Portugal incluído-, ano tras ano. A fotografía está feita na Alhambra de Granada, durante unha visita do circo Feijóo á fermosa cidade andaluza no ano 1940, a pouco de rematar a guerra civil. O seu gran amigo e compañeiro no circo Luis Núñez García "pousa" con Gustavo, ataviados loxicamente de árabes, nun dos patios da Alhambra.



MARCOS VALCÁRCEL

(ver biografía en «Raigame» n°1)

*Monumento a D. Ramón O. Pedrayo, do escultor Bucíños.
Debuxo de Luis cid*